

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/15	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Urxencia na sinatura do convenio coa Deputación para dar cumprimento aos prazos co fin da execución da actuación "Módulo Cuberto Multideporte"»
Data	19 de outubro de 2023
Duración	Desde as 20:35 ata as 20:41 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López Campos
Secretaria	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	NON
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ



██████████	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
██████████	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
██████████	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
██████████	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
██████████	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
██████████	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
██████████	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
██████████	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
██████████	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
██████████	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE OUTUBRO DE 2023

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 5 de outubro de 2023, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 4714/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA FORMALIZACIÓN E SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "MÓDULO CUBERTO MULTIDEPORTE"

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 17, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

Concédeselle a palabra ao Concelleiro delegado de Organización e voceiro do grupo de goberno, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen explica que estamos ante unha proposta de aprobación da formalización e sinatura do Convenio de Colaboración coa Deputación



Provincial de Pontevedra para a execución da actuación denominada “Módulo cuberto multideporte”, no marco do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030- Programa PON2030, á vista da subvención concedida a este Concello pola Deputación Provincial de Pontevedra mediante o acordo plenario núm. 2.7960, adoptado na sesión extraordinaria de 6 de marzo de 2023, ao abeiro das Bases reguladoras do Programa PON2030, publicadas no BOPPO núm. 46 de do 7 de marzo de 2023, para a execución da actuación denominada “Módulo cuberto multideporte”.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, **D. Luis López Bueno**, para anunciar o sentido favorable do voto do seu grupo por pensar que os deportistas do noso concello merecen unhas instalacións á altura da súa categoría, sobre todo cando as pistas de atletismo vanse a inaugurar sen contar con vestiarios, aseos e locais para a garda de material; así mesmo, o voto é favorable porque o seu grupo nunha sesión plenaria do mandato anterior propuxo que o proxecto do módulo anexo fora levado ao Plan PON2030 por ser o máis axeitado por unha cuestión de prazos e suporía un aforro importante para as arcas municipais.

Intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, para dicir que, a pesares de que pensa que as prioridades do concello son outras, o seu grupo se absterá na votación porque o gasto non vai a ser para o Concello.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando a súa abstención na votación por considerar que estamos ante unha obra importante para os deportistas estradenses, sen embargo non está conforme coa contía que supón esta obra.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose polos votos a favor do Partido Popular e PSdeG-PSOE, e as abstencións dos grupos do BNG e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

Vista a subvención concedida a este Concello pola Deputación Provincial de Pontevedra mediante o acordo plenario núm. 2.7960, adoptado na sesión extraordinaria de 6 de marzo de 2023, ao abeiro das Bases reguladoras do Programa PON2030, publicadas no BOPPO núm. 46 de do 7 de marzo de 2023, para a execución da actuación denominada “Módulo cuberto multideporte”.

Visto que, en data 3 de outubro de 2023, publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra a modificación das Bases Reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións singulares para a execución da Axenda 2030





(PON2030).

Visto o Borrador do Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Estrada para a execución da actuación denominada “Módulo cuberto multideporte”, no marco do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030- Programa PON2030, remitido a este Concello pola Deputación de Pontevedra.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 04/10/2023.

Visto o informe de Secretaría, asinado con data 06/10/2023

Vista a proposta da Alcaldía, de data 06/10/2023, aos efectos de emisión de informe de fiscalización polo órgano interventor.

Visto o informe emitido con data 06/10/2023 pola Intervención municipal.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais con data 11/10/2023.

E, á vista do debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, os seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar a formalización e sinatura do Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello da Estrada para a execución da actuación denominada “Módulo cuberto multideporte”, no marco do Programa Provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030- Programa PON2030.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do indicado convenio.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das





Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 9CZSKTXND6JWCPL9DMDWZYTJRJ
Corrección: <https://sestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

